

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA LICITACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “CONC250101.- “CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA”

A presente memoria redáctase aos efectos do previsto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), así como do artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Así mesmo, será obxecto de publicación no perfil do contratante de SPI.Galicia www.spigalicia.es e na plataforma de Contratos de Galicia na páxina web www.contratosdegalicia.gal

Conforme ao art. 14 da LCSP, estamos ante un contrato de Concesión de Obra.

1. ANTECEDENTES

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., (SPI) é unha Sociedade Anónima Unipersonal adscrita á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O artigo 1 dos estatutos da Sociedade Pública de investimentos de Galicia, SA. (SPI Galicia, SA), establece que esta sociedade ten a consideración de medio propio personificado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

O artigo 2 dispón, entre outras cousas, que o obxecto da sociedade é proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, de toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrência propios da contratación administrativa.

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

Pola súa condición de Sociedade Pública Autonómica e en razón do seu obxecto social encádrase como poder adxudicador, que non ten o carácter de Administración Pública, segundo o artigo 3.3.d da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, establécese como Perfil de Contratante de SPI o seguinte: <http://www.spigalicia.es>. Nel inclúiranse tódolos datos e información relativos á presente licitación.

A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico, partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

O artigo 10 desta lei contempla, entre os instrumentos que articularán os principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas no ámbito interno do sector público autonómico, as encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas común, etc.

O día 10 de febreiro de 2009, a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo subscribiron un convenio que, de acordo co parágrafo primeiro da súa cláusula primeira, tiña como obxecto posibilitar á Xunta de Galicia o desenvolvemento e implantación do Campus Científico-Tecnolóxico “Cidade do Mar” e “materializar a dispoñibilidade dos terreos e edificacións necesarios para tal implantación e que na actualidade son propiedade do Consorcio da Zona Franca de Vigo, asumindo as restantes Administracións signatarias e, en compensación, os compromisos que se detallaban no clausulado do convenio.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de febreiro de 2012 aprobouse o Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, establecéndose que o promotor do dito plan será a Xunta de Galicia.

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

Con data do 24 de xaneiro de 2023 asinouse o Acordo de cooperación entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Axencia Galega de Infraestruturas (en diante AXI) para a realización das actuacións de desenvolvemento e execución dos proxectos sectoriais PS-1, área de viais, espazos libres e infraestruturas, PS-5, área de usos recreativos do Plan sectorial da ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, e PS-6, área de usos complementarios do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo.

Debido á carga de traballo que na actualidade asume a AXI, resulta preciso programar de xeito eficaz a súa xestión, motivo polo que, en relación ás actuacións incluídas no Acordo de cooperación entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Axencia Galega de Infraestruturas (en diante AXI) para a realización das actuacións. de desenvolvemento e execución dos proxectos sectoriais PS-1, área de viais, espazos libres e infraestruturas, PS-5, área de usos recreativos do Plan sectorial da ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, e PS-6, área de usos complementarios do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, é necesario incluír a participación da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia , SA (en diante SPI Galicia, SA) para darlle a capacidade de asumir a obriga atribuída á Axencia Galega de Infraestruturas no acordo do 24 de xaneiro de 2023, nas mesmas condicións, no relativo á realización dos actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista e adxudicación das actuacións definidas no proxecto sectorial PS-5, área de usos recreativos do Plan sectorial da ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo.

É por iso que con data 17 de outubro de 2025 asinouse unha addenda para modificar o antedito acordo de cooperación.

2. NECESIDADES DO CONTRATO (Artigo 116.4.e) LCSP)

En base á Resolución de data 17 de outubro de 2025, a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA obrígase a realizar as seguintes actuacións:

1. Realizar as labores de supervisión, replanteo e proposta de aprobación do estudo de viabilidade e do anteproxecto ou proxecto para a implantación dun establecemento de cafetería e aseos ubicados no ámbito PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico – Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, Concello de Vigo.

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

2. Realizar os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista e adxudicación do contrato de concesión de obra para a implantación dun establecemento de cafetería e aseos ubicados no ámbito PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico – Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, Concello de Vigo, e dos contratos de servizos complementarios á mesma.
3. - De selo caso, nomear a un responsable do contrato, ao abeiro do establecido no artigo 62 da LCSP.
4. Convocar á Consellería de Facenda e Administración Pública para que designe unha persoa representante cando sexa preciso

SPI Galicia, SA non dispón dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo parte das actuacións encomendadas.

Como consecuencia do exposto anteriormente, e aos efectos do indicado nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, queda suficientemente motivada a necesidade de celebrar un contrato de concesión de obras para a: **“CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA)”**.

3. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a construción e explotación do ben de dominio público definido como “Establecemento de cafetería situado no ámbito PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA”, como complemento do Estudo de Viabilidade e do Anteproxecto que xa foron aprobados con anterioridade.

O contrato comprende dúas fases, execución e explotación, cuxo desenvolvemento e responsabilidade encomenda a Consellería de Facenda e Administración Pública á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

Os traballos por conta do adxudicatario no presente contrato de concesión, expóñense de modo non limitativo a continuación, para cada unha das fases:

Fase de Execución

- A realización da toma de todos os datos previos, estudo de afeccións, xestión e abono dos posibles retranqueos así como a completa reposición de todos os servizos afectados polas obras, e o levantamento de planos que sexan precisos para a redacción do proxecto obxecto deste Prego.

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

- A redacción do Proxecto Básico e de Execución, por técnico competente, para a rehabilitación dun edificio existente para destinalo a establecemento de hostalería, consonte os contidos establecidos no Código Técnico da Edificación (RD 314/2006), incluíndo o correspondente Estudo de Seguridade e Saúde e a coordinación de seguridade e saúde, de ser o caso, e todo iso en base ao Anteproxecto aprobado con data 24/11/2025.
- A redacción e tramitación de calquera outro documento de carácter urbanístico ou técnico, memoria ou solicitude que haxa de realizarse para a tramitación do expediente nos organismos competentes, incluída, no seu caso, a necesaria para a obtención da correspondente licenza municipal de obras, licenza de actividade, así como a tramitación e legalización de acometidas e subministracións tanto para a execución das obras como para a explotación do novo local de hostalería.
- A Dirección de Facultativa dos traballos, entendendo por Dirección Facultativa a Dirección de Obra, a Dirección de Execución de Obra e a Coordinación de Seguridade e Saúde, entre outros.
- A tramitación de permisos abonando as taxas e dereitos esixibles e constituíndo as garantías e avais que sexan requiridos.

Fase de Explotación

- A elaboración do Regulamento de explotación.
- A tramitación de permisos abonando as taxas, impostos, gravames e dereitos esixibles e constituíndo as garantías e avais que sexan requiridos.
- A xestión e abono de acometidas e subministracións para a explotación do novo establecemento hostaleiro.
- A elaboración anual do Plan e do Informe de Conservación do novo establecemento hostaleiro.
- A explotación, mantemento, limpeza e conservación do novo establecemento hostaleiro durante a vixencia do contrato concesional.

4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO EMPREGADO (Artigo 116.4.a) LCSP)

O artigo 131 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, establece que os contratos se adxudicarán, de xeito ordinario, empregando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

Neste expediente séguese o procedemento aberto, con aplicación de pluralidade de criterios de adxudicación, conforme ao establecido nos artigos 131.2 e 156 e seguintes da LCSP, para acadar a maior concorrencia de ofertas que sexa posible. A tramitación do procedemento será ordinaria.

**CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN
DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101**

Atendendo ao concepto de valor estimado, recollido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do seu cálculo, así como ao establecido no artigo 22 da dita Lei, este contrato non se atopa suxeito a regulación harmonizada.

5. INSUFICIENCIA DE MEDIOS (artigo 116.4.f) LCSP)

No referente aos contratos de concesión de obras, a prestación destes realizarase normalmente pola propia Administración Pública mediante os seus propios medios. Porén, en atención ás esixencias legais previstas na propia LCSP, cando careza dos medios suficientes, deberá xustificarse no expediente de contratación esta insuficiencia.

Non obstante o anterior e á vista dos traballos obxecto deste contrato, indicados neste mesmo documento, a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA non conta cos medios especializados necesarios para levar a cabo os mesmos, polo que resulta necesaria a súa contratación externa.

6. DIVISIÓN EN LOTES (artigo 116.4.g) LCSP)

A correcta execución do contrato non permite a división en lotes. A contratación independente dos diferentes traballos que comprende a execución do contrato podería xerar conflitos entre os diferentes contratistas e deficiencias na prestación do servizo a realizar.

7. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (artigo 116.4.d) LCSP)

1. ORZAMENTO DAS OBRAS

Segundo se recolle no Estudo de Viabilidade e no Anteproxecto aprobado, o Orzamento de Execución Material (P.E.M.) das Obras ascende a **douscentos oitenta e un mil oitocentos oitenta e oito euros con setenta e cinco céntimos (281.888,75 €)**. Incrementando o P.E.M. no 13% de Gastos Xerais, o 6% de Beneficio Industrial e o 21% de Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) resulta un Orzamento total das obras de **catrocentos cinco mil oitocentos noventa e un euros con sesenta e un céntimos (405.891,61 €)**.

2. ORZAMENTO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

Segundo o artigo 100 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o orzamento base de licitación é o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario. No presente contrato, o órgano de contratación non achegará ningunha cantidade. Por tanto, o importe comprometido polo órgano de contratación e, por tanto, o Orzamento Base de Licitación (P.B.L.) ascende á cantidade de **CERO EUROS**

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

(0,00 €). Segundo o artigo 101 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato calcúlase como o importe neto da cifra de negocios, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, incluídos os pagos e subvencións públicas. Para calcular o importe neto da cifra de negocios consideráronse os ingresos (IVE non incluído) procedentes da actividade hostaleira determinados no plan económico financeiro do estudo de viabilidade. Por iso determínase un Valor Estimado do Contrato de **NOVE MILLÓNS OITOCENTOS DEZAOITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (9.818.396,14,50 €).**

CANON DE EXPLOTACIÓN:

Importe (mínimo anual): 1.000 €

8. PRAZO DE EXECUCIÓN

A duración total máxima do presente contrato de concesión de obras é de **vinte (20) anos**, resultado da suma do prazo da **Fase de Execución (12 meses)** e do prazo da Fase de Explotación (**19 anos**), e iníciase ao día seguinte da data de formalización do contrato.

9. ESIXENCIA DE CLASIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE SOLVENCIA (Artigo 116.4.c) LCSP)

No caso de que, na folla de especificacións se esixa clasificación, o licitador deberá dispoñer, e acreditar cando se lle requira, certificado de clasificación ou copia autenticada do mesmo, expedido polo Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou polo Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Xunta de Galicia, acompañado dunha declaración responsable do licitador pola que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

Os certificados de clasificación ou documentos similares expedidos por Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo a favor das empresas destes Estados, constituirán documento suficiente de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica. Estes certificados deberán ir acompañados dunha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

As declaracións responsables referidas nos parágrafos anteriores deberán reiterarse no documento en que se formalice o contrato, sen prexuízo de que o Órgano de Contratación poida, se o considera conveniente, efectuar unha consulta aos devanditos Rexistros Oficiais.

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

Se a empresa estivese pendente de clasificación, deberá dispoñer do documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para a súa obtención. En calquera caso deberá de poder xustificar que a data límite de presentación de ofertas, a empresa atopábase en plena disposición da clasificación esixida.

En virtude do artigo 86 da LCSP, os licitadores deberán xustificar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios seguintes, entre os previstos nos artigos 87 a 91 da LCSP, que se especifican a continuación:

a) FASE EXECUCIÓN

En cumprimento do artigo 250.1.b) da LCSP, tanto para a execución directa como para a subcontratación da obra, deberá acreditarse que a empresa construtora posúe clasificación vixente no Grupo C. Edificaci3ns, categoría 2 ou que realizou traballos de natureza similar nos últimos tres anos por importe igual ou superior ao Orzamento de Execución Material previsto no estudo de viabilidade, que ascende a 281.888,75 euros, mediante certificados de correcta execución ou declaración responsable acompañada de documentación xustificativa.

b) FASE DE EXPLOTACIÓN

✓ Solvencia económica e financeira.

De acordo con o artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira do licitador acreditarase mediante:

- ✓ Volume anual de negocios, xa sexa global ou referido especificamente ao ámbito ao que se vincule o contrato, correspondente ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles, en función da data de constitución ou inicio de actividade do empresario e de presentación das ofertas. O volume esixido deberá ser igual ou superior a douscentos mil euros (200.000,00 €).

Medio de acreditación: Declaración fiscais ou contas anuais de resultados do licitador.

Para os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil que non poidan acreditar o volume anual de negocios mediante libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro, ou mediante os libros aos que estean legalmente obrigados, o órgano de contratación poderá admitir, de forma xustificada, outros medios de proba de solvencia, tales como “declaración do empresario indicando o volume de negocios global da empresa” (art. 87.2 LCSP) acompañada da declaración-resume anual de IVE.

✓ Solvencia técnica ou profesional.

Conforme ao artigo 90 da LCSP, a solvencia técnica do licitador valorarase atendendo aos seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia fiabilidade, que deberá acreditarse mediante:

**CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101**

Experiencia mínima dun ano acreditada mediante a aportación da relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual o similar natureza durante os últimos tres anos na xestión dun establecemento de hostalaría, xustificada mediante documentación ou declaración correspondente.

✓ Integración da solvencia con medios externos.

Admitirase o recurso á solvencia económica e financeira e técnica e profesional doutros operadores económicos nos termos do artigo 75 da LCSP. Neste caso, o licitador indicará a dita circunstancia no DEUC, e os terceiros operadores en que o licitador basee a súa solvencia tamén deberán presentar o seu propio DEUC para cada unha das capacidades ás que recorra o licitador ou teña intención de subcontratar.

O licitador que presentase a mellor oferta deberá demostrar ante SPI Galicia SA, cando sexa requirido, que dispoñerá da solvencia e recursos necesarios do terceiro operador durante toda a duración do contrato mediante un compromiso por escrito deste último, sen prexuízo da potestade de SPI Galicia SA de solicitar aos licitadores a presentación da totalidade ou dunha parte dos documentos xustificativos, cando considere que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou viabilidade do declarado ou cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento. O operador que preste a súa solvencia económica e financeira será solidariamente responsable da execución do contrato.

10. ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (Artigo 116.4.c) LCSP)

Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato de servizos, serán os seguintes:

- Sobre B: Proposición técnica e outros elementos da oferta non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e que dependan dun xuízo de valor
- Sobre C: Oferta económica e criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas

Os sistemas empregados para a avaliación e ponderación de cada un dos devanditos criterios serán os seguintes:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

✕ Puntuación Técnica (P_T)ata 50 puntos

Para a Puntuación Técnica, terase en conta o seguinte baremo de puntuación seguinte:

1. Proposta de Proxecto Básico.....ata 30 puntos

CONCEPTO	P_{Ti} máx
----------	--------------

**CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101**

1.1	Coherencia técnica e consistencia do proxecto	15
1.2	Calidade formal do Proxecto Básico	15

2. Memoria descriptiva do alcance dos traballosata 10 puntos

CONCEPTO		P _{Ti} máx
2.1	Alcance dos traballos e coñecemento	5
2.2	Problemáticas	5

3. Medidas para o impulso demográficoata 10 puntos

CONCEPTO		PT _i máx
3.1	Medidas de flexibilidade espacial	3
3.2	Medidas de flexibilidade temporal	3
3.3	Melloras dos permisos legalmente establecidos	2
3.4	Beneficios sociais para a atención das responsabilidades.	2

O arquivo electrónico B ou sobre B conterá a seguinte documentación asinada electronicamente que deberá enviarse nun único arquivo e a súa denominación indicará a referencia do expediente, a letra B e o Nome da empresa.

A documentación deberá conter, en primeiro lugar, un índice no que se relacionará cada un dos documentos que integran a Proposición Técnica correspondente a cada un dos seguintes apartados. O devandito índice axustarase ao modelo incluído no anexo deste prego.

1) PROPOSTA DE PROXECTO BÁSICO.

Achegarase unha proposta de Proxecto Básico para a execución das obras da cafetería e adecuación do existente segundo o Anteproxecto e Estudio de Viabilidade aprobados.

Deberá conter, como mínimo:

I. Memoria

- 1.- Memoria descriptiva das obras, instalacións e servizos.
- 2.- Sistema de execución da estrutura e xustificación da solución proposta.
- 3.- Cumprimento do Código Técnico da Edificación: Seguridade en caso de incendio

II. Planos

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

- Plano topográfico da superficie limitada polas liñas de máxima ocupación e do emprazamento da cafetería na mesma, acotando a distancia ós edificios e/ou puntos de referencia próximos.
- Planos de servizos municipais e non municipais presentes e o seu correspondente desvío.
- Planos acotados, das plantas, alzados e seccións, para a completa definición da cafetería proxectada.
- Plano da cuberta onde se definan pendentes e conexións das súas baixantes aos servizos municipais.
- Seccións aclaratorias da construción.
- Planos de urbanización xeral.
- Planos das solucións das estruturas.

III. Orzamento

- Orzamento de Execución Material e Base de Licitación coa súa correspondente distribución de capítulos.

IV. Plan de obra.

O plan de obra porá de manifesto o prazo de execución de cada unha das fases en que poda ser dividida a obra e a data máxima para dispoñer o Proxecto de Execución.

V. Plan de Control de Calidade.

Valorarase o alcance e definición do contido formal dos documentos técnicos que compoñen a proposta de Proxecto Básico, así como a inclusión e xustificación do cumprimento das determinacións legais e das exigencias técnicas recollidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares de aplicación ó contrato. Tamén terase en conta a idoneidade da proposta presentada en canto a forma de recoller e adaptarse ós requisitos de deseño establecidos na documentación técnica previa tales como o Estudo de Viabilidade ou o Anteproxecto.

Tamén valorarase a definición dos servizos afectados e os seus desvíos. A análise dos condicionantes na obra, especificando a súa influencia na programación, os condicionantes externos, o emprazamento ou a identificación de servizos e infraestruturas existentes.

A elección dunha boa proposta de Proxecto Básico repercute na execución dos traballos tanto nos aspectos cualitativos como desde un punto de vista de cuantitativo, e garante un maior nivel de optimización no resultado final da concesión. Por tanto a oferta presentada por cada licitador permitirá avaliar todos estes aspectos en función da idoneidade da proposta técnica presentada.

Para este apartado non se establece número máximo de páxinas.

**CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN
DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101**

2) MEMORIA DESCRIPTIVA DO ALCANCE DOS TRABALLOS.

O licitador presentará unha memoria descritiva dos traballos para realizar na que, de forma clara e concisa, expoña a súa proposta sobre o contido e desenvolvemento destes (metodoloxía), de maneira que poida coñecerse o alcance dos traballos e demostre o coñecemento da zona e a problemática do traballo para realizar.

A memoria recollerá os medios materiais e humanos que se propoñen para a correcta realización dos traballos.

Así mesmo, a memoria recollerá a relación das unidades ou partes do traballo que realizará mediante subcontratación. Para os efectos establecidos no artigo 215.2 da LCSP, o licitador non está obrigado a concretar o nome ou o perfil empresarial do subcontratista ou subcontratistas propostos. Con todo, se o licitador optase por identificar a estes, entenderase cumprido respecto de eles o requisito da comunicación a que se refire o artigo 215.2.b) da LCSP, sempre que, ademais, a licitadora achega un compromiso de dispoñibilidade subscrito polo subcontratista.

Con este apartado analízase a metodoloxía dos traballos para comprobar o coñecemento das actividades para realizar, en coherencia cos medios propostos e os investimentos realizados. Esta memoria analiza o obxecto, as problemáticas, as solucións propostas e desenvolvemento dos traballos. Todo isto permite avaliar que a execución do contrato se desenvolva coas técnicas e procedementos necesarios que permiten avaliar o nivel de cada licitador para desenvolver e garantir a calidade da prestación, en función do seu nivel de desenvolvemento, coherencia e detalle.

Esta proposta debe desenvolverse nun máximo de 10 páxinas, cun tamaño de fonte non inferior a 10, cun entrelineado sinxelo. O formato das páxinas será DIN A4, os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior a DIN A4. No número máximo de páxinas indicado en cada un dos apartados considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos, que o complementen coa excepción dos diferentes compromisos achegados (que irán nun anexo independente). Non se avaliará aquela documentación que exceda do número de páxinas máximo indicado, avaliando unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido polo apartado.

3) MEDIDAS PARA O IMPULSO DEMOGRÁFICO:

O licitador presentará unha memoria onde se recollan todas as medidas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral así como en materia de corresponsabilidade que serán aplicables para o persoal que interveña na execución do contrato. Esas medidas que se apliquen teñen que estar vinculadas ao obxecto do contrato e non poden responder a unha obriga legal pola normativa sectorial que corresponda. Así mesmo, cando as medidas estean incluídas dentro dun plan de igualdade, un plan de conciliación, no convenio colectivo de aplicación, en acordos ou pactos co persoal ou calquera

**CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN
DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101**

outro instrumento xurídico equivalente, deberán recollerse neste apartado todas aquelas medidas que sexan de aplicación, así como outras distintas que se considere oportuno implementar pola súa vinculación ao contrato, para ao persoal que intervéñen na execución do mesmo.

As medidas que o licitador aplicará ao persoal adscrito á execución do contrato deberán ser descritas de forma concreta, especificando o seu ámbito de aplicación e os mecanismos previstos para garantir que non afectará á normal produtividade nin á seguridade da obra co fin de que poida avaliarse que as mesmas están vinculadas ao obxecto do contrato. Neste senso, esas medidas serán obxecto de valoración sobre a consideración de que incidan na calidade e continuidade da execución da obra, xa que contribúan a reducir o abstentismo laboral non programado; permitan unha flexibilidade horaria, horas de libre disposición, proximidade ao lugar de traballo que reduzan a fatiga, repercutindo na produtividade e seguridade durante a execución contractual e os tempos de desprazamento. De esta forma, con estes criterios de adxudicación acádase o obxectivo dunha contratación socialmente responsable como ferramenta estratéxica para impulsar políticas sociais, seguindo os criterios establecidos pola Guía da Comisión Europea para considerar aspectos sociais nas contratacións públicas, que contempla expresamente as medidas de conciliación como posible criterio de adxudicación.

As medidas obxecto de valoración se articulan en torno aos seguintes eixos, e versarán sobre os aspectos concretos que se recollen a continuación ou outros equivalentes co fin de que poidan axustarse a estrutura e funcionamento concreto de cada organización:

- Medidas de flexibilidade espacial.

Valoraranse as medidas establecidas para adscribir ao contrato persoal de proximidade, a concesión de solución habitacional e transporte á zona de traballo.

- Medidas de flexibilidade temporal.

Valoraranse as medidas de flexibilidade horaria en aras da conciliación familiar, debendo describirse de forma clara o tipo flexibilidade ofrecida (marxes de entrada/saída, xornadas comprimidas, cambios de quenda, etc)

- Melloras dos permisos legalmente establecidos

Valorarase a concesión de axudas para atender a menores, maiores, persoas con discapacidade ou en situación de dependencia que residan no domicilio dos traballadores, debendo concretar o tipo de axuda ofrecida.

- Beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

Valorarase o establecemento dunha bolsa de horas de libre disposición de carácter retribuído a favor dos traballadores que lles permita gozar durante a xornada semanal dun tempo libre para realizar xestións de carácter persoal ou como descanso.

**CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN
DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101**

Por último, cómpre indicar que para a valoración desde criterio terase en conta o volume de traballadores adscritos á execución da obra que poderán acollerse a cada unha das medidas, así como o alcance de cada medida segundo se recolle na memoria que presente o licitador.

O adxudicatario deberá entregar ao responsable do contrato, no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de execución do contrato, un informe no que se recollerá, para cada unha das medidas ofertadas para o impulso demográfico, o resultado da súa implementación identificando ao persoal adscrito a execución do contrato beneficiado polas mesmas e os detalles da súa aplicación, así como as actividades informativas destinadas a garantir o seu adecuado coñecemento por parte de todos os traballadores que participen na execución do contrato. Así mesmo, se algunha medida non puidera ser implementada de forma xeral ou particular ao persoal, ou lle fora denegada a algunha persoa en concreto, deberán ser identificadas detalladamente as circunstancias así como a súa xustificación. En todo caso, o órgano de contratación poderá comprobar o cumprimento das mesmas en calquera momento da execución do contrato e, en particular, no caso de recibir unha denuncia por parte do persoal traballador afectado, e solicitarlle un informe co contido descrito anteriormente en calquera momento que se lle requira ou coa periodicidade que se lle indique.

Este apartado desenvolverase nun máximo de 8 páxinas, cun tamaño de fonte non inferior a 10 cun entreliñado sinxelo. O formato das páxinas será DIN A4, os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior a DIN A4. No número máximo de páxinas indicado, considéranse incluídos ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos, que o complementen coa excepción dos diferentes compromisos aportados (que irán nun anexo independente). Non se avaliará aquela documentación que exceda do número de páxinas máximo indicado, avaliando unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido polo apartado.

CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE A APLICACIÓN DE FORMULAS OU PORCENTAXES

✱ Puntuación oferta económica(P_E)ata 50 puntos

As puntuacións P_E das ofertas económicas obteranse segundo o seguinte proceso:

$$P_E = 50 * \frac{O_i}{O_{max}}$$

sendo:

→ P_E = Puntuación oferta económica do licitador: De 0 a 50 puntos

→ O_i = Oferta de canon do licitador para o que se quere determinar a puntuación

→ O_{max} = Máxima oferta de canon presentada polos licitadores admitidos

**CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN
DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101**

A valoración económica P_E de cada oferta redondearase ao segundo decimal.

Serán excluídas todas as ofertas inferiores ao importe mínimo anual da licitación.

PUNTUACIÓN FINAL OBTIDA POR CADA LICITADOR

✱ Puntuación final obtida por cada licitadorata 100 puntos

Para a valoración das proposicións se sumarán os puntos obtidos nos apartados anteriores para obter a puntuación técnica (PT) e a puntuación económica (PE), calculándose a puntuación final (P) de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = P_T + P_E$$

Resultará adxudicataria aquela empresa licitadora que obteña a maior puntuación do total posible segundo a aplicación do baremo anterior, e tendo en conta que todos os valores numéricos serán redondeados ó segundo decimal.

CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación e en aplicación do establecido no artigo 147 da LCSP, prevalecerán as proposicións presentadas polas empresas que se sinalan a continuación, segundo a seguinte orde de preferencia:

En primeiro lugar:

A empresa que conte no seu cadro de persoal cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento:

- A empresa dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
- Se varias empresas licitadoras das que tiveran empatado en canto á mellor oferta acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por cento, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

En segundo lugar:

A disposición da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade ou doutra certificación equivalente, ou ben que identifiquen na súa proposición medidas concretas dirixidas a evitar calquera tipo de

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

discriminación laboral entre mulleres e homes e/ou que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Nestes dous últimos supostos, o licitador deberá acreditar a equivalencia do certificado presentado ou das medidas propostas respecto da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade. A acreditación desta equivalencia será achegada no momento de presentar a proposición.

Se o licitador fixese uso desta preferencia, estará obrigado a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación que, de resultar o contrato de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

En terceiro lugar:

O licitador cunha maior porcentaxe de mulleres empregadas do persoal adscrito a execución do contrato.

En cuarto lugar:

A empresa que teña unha maior valoración técnica.

No caso de existir igualdade na aplicación da preferencia sinalada anteriormente, realizarase un sorteo nun acto público que se comunicará con antelación suficiente aos licitadores.

A mesa de contratación poderá solicitar canta información estime pertinente aos licitadores para comprobar os datos declarados.

11. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

En aplicación do artigo 202 da LCSP, recóllense as seguintes condicións especiais que garanten a execución do contrato nos termos pactados, mediante a subscripción dos correspondentes seguros, o reforzo de cuestións en materia ambiental, laboral e de subcontratación, e a adscrición de medios requiridos e ofertados polo licitador.

Son condicións especiais do contrato as seguintes:

1. Obrigacións de carácter social e laboral. O adxudicatario estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:
 - ☒ Empregar na execución do contrato unha porcentaxe de traballadores fixos non inferior ao 30% do total. O adxudicatario controlará o cumprimento desta condición por parte dos subcontratistas, cuxos datos computarán conxuntamente cos do adxudicatario a efectos do seu cumprimento.
 - ☒ O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación. Especialmente, e cando cumpra por estar recolleito en

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

calquera dos instrumentos citados anteriormente, a obrigaón de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.

- ☒ Executar a obra cumprindo estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, considerarase incumplida esta condición esencial do contrato cando, con ocasión de execución da obra e durante a vixencia do contrato, se impuxesen pola autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais. Este incumprimento será causa de resolución de conformidade co establecido neste prego.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas ás que nesta materia se comprometa na súa oferta.

2. Obrigas en materia de igualdade. De conformidade ao establecido no artigo 84.3 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro de 2023), o adxudicatario deberá dar cumprimento as seguintes medidas:

- ☒ Presentar no momento de formalización do contrato un protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo ou por orientación sexual, no ámbito de desenvolvemento do contrato.

O protocolo antiacoso garantirá a dignidade das persoas traballadoras fronte ás situacións de acoso sexual ou por mor do sexo ou orientación sexual, no que, polo menos, se configurarán medidas, entre outras, preventivas, de detección ou identificativas e de protección e apoio efectivas, así como a programación das accións de seguimento, control e avaliación necesarias. Neste protocolo específico promoveranse as condicións de traballo que eviten as condutas, actitudes, prácticas ou manifestacións da índole sinalada, incluídas as canalizadas no ámbito dixital, e estableceranse actividades de información, formación e sensibilización do persoal adscrito ao contrato para identificar esas situacións e previlas.

- ☒ Incluír nas accións de prevención de riscos laborais e de saúde laboral a perspectiva de xénero.

O adxudicatario debe ter implementada unha canle electrónica específica para que o persoal adscrito á execución do contrato poida presentar as queixas ou denuncias en caso de posibles incumprimentos destas condicións así como das medidas ofertadas en materia de impulso demográfico. De todas as queixas e denuncias informaráselle ao responsable do contrato así como o resultado que corresponda. Entenderase que non se presentaron queixas ou denuncias na dita canle cando o responsable do contrato non recibira notificacións destas.

Así mesmo, o contratista deberá presentar no prazo de dous meses dende que finalice o prazo de execución do contrato unha memoria xustificativa do cumprimento destas medidas, sen prexuízo das facultades do órgano de contratación de comprobar o cumprimento das mesmas en calquera

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

momento da execución do contrato e, en particular, no caso de recibir unha denuncia por parte do persoal afectado.

3. Obrigas relativas ás medidas para o impulso demográfico. Durante a execución do contrato o adxudicatario deberá cumprir todas as medidas para o impulso demográfico sinaladas na súa oferta.

- ☒ O contratista deberá establecer, no prazo máximo de un mes dende o inicio da execución do contrato, e manter operativas durante a súa execución, canles específicas, distintas da canle xeral de denuncias, para que os traballadores que executan o contrato podan presentar denuncias, queixas ou reclamacións polo incumprimento dos compromisos sociais, e para comunicar estas incidencias a SPI Galicia SA nun prazo máximo de unha semana dende a recepción das mesmas. A existencia destas canles de incidencias deberán ser notificadas expresamente ós traballadores que executen o contrato, dentro do anterior período dun mes.

O contratista, no prazo máximo de dous meses dende o inicio da execución do contrato, deberá remitirle a SPI Galicia SA un informe no que detalle a posta en funcionamento das anteriores canles, xustifique a notificación expresa da súa existencia, realizada aos traballadores, e a maneira na que SPI Galicia SA terá coñecemento de calquera incidencia coñecida a través destas canles.

Ademais, ante calquera incidencia o contratista deberá presentar a SPI Galicia SA un informe no que dea resposta á reclamación, concluíndo expresamente sobre a súa improcedencia ou, en caso contrario, sobre as medidas que adoptará para corrixir calquera incumprimento dos compromisos sociais adquiridos coa presentación da súa oferta.

- ☒ Dentro do mes seguinte ao cumprimento de cada ano da execución do contrato, o contratista presentará a SPI Galicia SA un informe no que detalle o cumprimento desta obriga contractual durante os 12 meses anteriores, incluíndo un resumo das incidencias producidas durante ese mesmo período.
- ☒ Dentro dos dous meses seguintes ó remate da execución do contrato, o adxudicatario deberá entregar a SPI Galicia SA un informe detallado sobre os resultados da implementación de cada unha das medidas para o impulso demográfico incluídas na súa oferta. Este informe deberá incluír, para cada medida, a identificación do persoal asignado á execución do contrato que se beneficiou das mesmas, así como os detalles específicos da súa aplicación. No caso de que algunha medida non puidese ser implementada, xa fose de maneira xeral ou particular, ou se algunha persoa fose excluída da súa aplicación, deberánse detallar as circunstancias e xustificacións pertinentes.

En todo caso, en calquera momento durante a execución do contrato, SPI Galicia SA poderá verificar o cumprimento das medidas e poderá solicitar informes coa información mencionada anteriormente.

CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA
CONC250101

4. Obrigacións de carácter ambiental. O adxudicatario executará a obra cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, entenderase incumplido o contrato de maneira esencial cando con ocasión da execución do contrato se impuxesen pola autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación ambiental e protección do medio ambiente.

Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución de acordo co establecido neste prego.

5. Obrigacións en materia de subcontratación. O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguinte da LCSP.

Antes de subscribir a acta de comprobación de replanteo verificarase a existencia dunha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, que deberán contar coa capacidade e aptitude para executar os traballos e non se atoparán incursos en prohibición de contratar.

En especial verificaranse as obrigacións de información do Contratista previstas no Prego, a efectos de comprobación de pagos por parte do Contratista a subcontratistas.

6. Obrigacións en materia de protección de datos de carácter persoal. No caso de que durante a execución do contrato se requirise o tratamento polo contratista de datos persoais, terán carácter de condicións esenciais do contrato as obrigacións ao respecto establecidas neste prego.

12. FINANCIAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

O órgano de contratación non achegará ningunha cantidade. Por tanto, o importe comprometido polo órgano de contratación e, por tanto, o Orzamento Base de Licitación (P.B.L.) ascende á cantidade de **CERO EUROS (0,00 €)**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Daniel Romay Díaz
Técnico de Obra Civil

Angela Bouzada Valverde
Coordinadora de Áreas